

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A señora do castro Alegre

No castro Alegre, concello de Salvaterra de Miño (Pontevedra) a un rapaz que andaba co gando saíulle unha moza que se peiteaba cun peite de ouro.

–Ai, señora, se me dera ese peite co que se peitea! –díxolle o rapaz.

–Dareiche o peite e dareiche moito máis aínda ata facerte rico se fas o que eu che diga e non te acañas (achicas)!

E a señora díxolle ao rapaz que lle levase ao día seguinte unha cunca de leite bendicado, e que non se acañase co que sucedese, pois mentres ela bebía o leite, el tiña que ter man da cunca.

Foi o rapaz coa cunca de leite e saíulle unha grande cobra que se puxo a beber no leite mentres o rapaz, sen se acañar, tiña man da cunca.

Bebeu todo o leite a cobra e ao rematar convertiuse na señora do outro día e deulle moita riqueza.

Información de Xosé Martín Rodríguez, de Fornelos da Ribeira.

BIBLIOGRAFÍA

Florentino L. Cuevillas e Fermín Bouza Brey: «Os oestrimnios, os saefes e a ofiolatría en Galiza» en Arquivo do Seminario de Estudos Galegos II, A Coruña, 1929, páx. 180.